

UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A MOBILIZARSE ESTE DOMINGO PORQUE COS DEREITOS DA XENTE NON SE XOGA

En Galicia as concentracións están convocadas na Coruña, Ourense e Vigo

Redacción.- UGT-Galicia chama á cidadanía galega a mobilizarse o vindeiro domingo, día 2, e acudir ás concentracións convocadas na Coruña, Ourense e Vigo porque cos dereitos da xente non se xoga e porque non se pode dar nin un paso atrás e non se pode aceptar que se frivolicie co benestar da clase traballadora.

Estas mobilizacións, que están convocadas en todo o Estado, teñen como obxectivo berrar en contra da antipolítica, xa que UGT considera que as persoas e os seus dereitos non poden ser reféns da loita partidista e dos intereses inmediatos dalgúns partidos políticos. Por diante da cidadanía non poden estar as estratexias políticas. Desde o Congreso dos Deputados non se pode seguir frivolidando co benestar da clase traballadora. Os dereitos das persoas non poden ser moeda de cambio nin obxecto de secuestro por parte dos grupos parlamentarios.

UGT manifesta que quere a revalorización das pensións pero isto non é suficiente, hai que garantilas e facelas sostibles, vía aumento de cotizacións. Hai que lembrar que custou moito chegar ao actual nivel de prestacións e acordar a súa sustentabilidade coa patronal.

O Sindicato critica que o PP diga que apoia a subida das pensións pero non din nada de acompañar esta co incremento da súa recadación. Haberá intereses que buscan a quebra do sistema para poder privatizalo? Os partidos teñen que asumir o modelo actual na súa integridade, pactado pola maioría social do país.

UGT insiste en que o Parlamento debe estar ao servizo da xente e lembra que a non convalidación do Real Decreto Lei 9/2024 puxo en risco medidas sociais fundamentais que afectan a milleiros de persoas: máis de 10 millóns de pensionistas, dous millóns de beneficiarios do IMV, o incremento das pensións mínimas entre un 6% e un 9% estaba tamén en

perigo, as axudas ás vítimas da DANA e o volcán da Palma quedaban bloqueadas, a moratoria de desafiuzamentos para as familias vulnerables víase paralizada, poñíase en cuestión o apoio ao transporte público para máis de 20 millóns de persoas. Non se pode permitir que todos estes dereitos sexan moeda de cambio nunha disputa estéril co falso argumento de se as medidas deben presentarse xuntas ou separadas.

Finalmente, o Goberno aprobou este martes un novo Real Decreto Lei 1/2025 co paquete de medidas sociais que foran bloqueadas. Agora a responsabilidade está nos grupos parlamentarios que agora parece que si as apoiarán pero isto conseguiuase porque a cidadanía, os sindicatos e colectivos sociais alzamos a voz e, por iso, seguiremos na rúa, porque os intereses da xente, especialmente das persoas máis vulnerables, non poden ser reféns de intereses partidistas.

Pero hai máis cuestións que van estar en xogo nos vindeiros meses, a tramitación no Congreso da redución da xornada a 37,5 horas ou a ausencia de orzamentos para o 2025 cunha prórroga parlamentaria dende 2023, o que está a afectar a un gran número de políticas públicas.

Por todo isto, UGT fai un chama-

Á RÚA 2 de febreiro

UGT 

COS DEREITOS DA XENTE NON SE XOGA

Non daremos nin un paso atrás

Non aceptaremos que se frivolicie co benestar da clase traballadora

LOCALIDADE	HORA	SALIDA
A CORUÑA	11:00	PALCO DA MÚSICA (XARDÍNS DE MÉNDEZ NUÑEZ)
OURENSE	12:00	PARQUE SAN LÁZARO
VIGO	12:00	PORTA DO SOL

mento á mobilización para esixir responsabilidade e compromiso, que se aprobe o novo Real Decreto Lei sen dilacións; que se ocupen das necesidades da xente e que non volvan a utilizar os seus dereitos como moeda de cambio, que nunca máis se poña en risco a protección social, que non se bloquee a funcionamento das institucións de xeito oportunista, evitando poñer en marcha medidas que precisan da aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado. En relación con este último aspecto, hai que destacar medidas como implementar en toda a súa extensión os fondos europeos dentro do Plan de Recuperación, incrementar o financiamento e calidade do emprego e dos servizos de atención á dependencia ou desenvolver unha estratexia de coñecidos que mellore a súa calidade para a poboación dependente.

ESTE 2025 DEBE SERVIR PARA SOLUCIONAR OS PROBLEMAS ESTRUCTURAIS QUE PERSISTEN NO MERCADO DE TRABAJO

UGT aposta por mellorar as políticas activas de emprego, configurar as bases dun tempo de traballo máis xusto e aumentar a protección no emprego da persoa traballadora, entre outras cuestións

Redacción.- O INE publicou este martes os datos da EPA correspondentes ao cuarto trimestre de 2024, que rexistra un crecemento anual da ocupación de 17.400 persoas, un 1,5% máis, mentres que en termos trimestrais o número de ocupados baixou en 6.100, unha tendencia contraria ao que sucede no resto do Estado, onde se incrementou en 34.800.

Tamén se reduciu o paro en 3.100 persoas neste trimestre, de forma que actualmente hai un total de 109.400 persoas paradas. No que respecta á calidade do emprego, no cuarto trimestre do ano a taxa de temporalidade descendeu ata o 15,9%, 1,4 puntos menos que no trimestre anterior.

En conxunto, no ano 2024 o mercado laboral mantivo o seu dinamismo na creación de emprego, sobre todo de calidade, cun aumento anual medio do emprego do 1,5%, reducíndose o desemprego en 4.800 persoas, o que sitúa a taxa de paro no 8,7%, 4 décimas menos que no cuarto trimestre do 2023. Con todo, un dos datos máis destacables do sucedido é a cantidade de emprego indefinido que se creou, 28.600 persoas máis nesta modalidade de contratación, que é a máis estable.

Con todo, aínda que os datos conviden o optimismo sobre o que sucederá en 2025, debido a que se espera que continúe o crecemento económico e do emprego, a EPA recolle información sobre algúns problemas moi presentes para as persoas traballadoras que deben ser as prioridades neste ano.

O primeiro deles, a elevada parcialidade involuntaria que sofren as persoas que traballan con esta xomada, que afecta ao 40,5% delas. A incapacidade para atopar empregos a tempo completo é unha das causas principais de pobreza laboral, e contrasta cos case 7 millóns de horas extraordinarias que se realizan de media semanalmente en España. Isto pon no punto de mira a ineficiente repartición de horas que se realiza e esixe de xeito evidente un cambio que, en opinión de UGT, pasa por implementar un rexistro horario eficaz, que limite a realización de horas extraordinarias e garanta o seu abono cun 25% máis, tal e como reclamou o sindicato ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais. O cumprimento destas disposicións, xunto coa redución da xomada laboral nos termos acordados co Goberno, asegurando que en 2025 baixe ás 37,5 horas como primeiro paso cara ás 32 horas semanais, mellorará significativamente a situación das persoas afectadas por unha parcialidade non desexada.

Desemprego, duración da xomada ou

custo do despedimento, cuestións craves

Outro grave problema que atravesa o mercado de traballo é o seu elevado paro de longa duración, é dicir, persoas que levan máis dun ano buscando emprego. Neste cuarto trimestre rexistráronse 38.800 persoas paradas nesta situación, un 35,4% do total, e é un problema estrutural que se suma ao elevado desemprego, a pesar de que os valores actuais sexan os máis baixos para un cuarto trimestre desde hai 15 anos. Esta problemática debe resolverse cunha reforma das políticas activas de emprego que poña no foco principal ás persoas desempregadas de longa duración, desenvolvendo plenamente as ferramentas dispoñibles para aumentar a súa empregabilidade, e partindo dunha orientación personalizada que se adapte ás súas particularidades. É crucial tamén implicar ás Comunidades Autónomas na procura activa de emprego para este colectivo, fomentando unha verdadeira política de emprego.

Por último, para lograr un emprego estable é necesario que o custo do despedimento protexa eficazmente á persoa traballadora e que sexa disuasorio. Unha indemnización ten que servir para desalentar o despedimento sen causa e, no caso de que se produza, resarcir á persoa traballadora de forma adecuada. Neste sentido, é hora de protexer o contrato de traballo cumprindo coas nosas obrigacións internacionais e aplicando, por ser de obrigado cumprimento tal e como advertiu o Consello de Estado antes da ratificación da Carta Social Europea, a resolución do Comité Europeo de Dereitos Sociais que deu a razón á reclamación de UGT. Unha reforma legal neste sentido lograría desincentivar a extinción improcedente e proporcionaría maior seguridade laboral á persoa traballadora.

En resumo, os bos datos de emprego que se rexistraron en 2024 seguen a traxectoria do ano 2023 e apuntan a que neste 2025 o mercado laboral tamén terá un bo desempeño. Con todo, este novo ano debe servir para avanzar na solución dos problemas estruturais do mercado de traballo que persisten, mellorando as políticas activas de emprego para axudar ás persoas desempregadas, e en especial ás que teñen maiores dificultades de inserción, fortalecendo os servizos públicos de emprego, configurando as bases dun tempo de traballo máis xusto e perfeccionando a protección no emprego da persoa traballadora.



Radiografía da EPA en Galicia

Os datos amosan que hai en Galicia 17.400 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 1,5%) e, en relación ó terceiro trimestre de 2024, hai 6.100 ocupados menos, o que supón unha baixada do 0,5%.

Aínda que a EPA amosa un bo comportamento da situación laboral desta Comunidade, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53,1%, fronte ó 58,5% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 5.500 persoas, o que supón o 4,8%. E, en relación ó trimestre anterior, o desemprego tamén diminuíu, un 2,8%, en 3.100 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 109.400 persoas desempregadas, no 8,7%. No caso dos homes esta taxa é do 7,6% e do 9,8% no caso das mulleres. Entre os menores de 30 anos esta sube ata o 18,1%.

Hai en Galicia un total de 948.200 asalariados, baixando con respecto ó trimestre anterior en 600 (0,1%), e ó ano soben en 27.900 (3%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que se sitúa no 15,9%. Dáse un aumento, en relación ao mesmo trimestre do ano anterior, da poboación asalariada con contrato indefinido, do 3,7%. En relación ao trimestre anterior, os asalariados con contrato indefinido subiron en 13.200, o que supón un 1,7%.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 14,3%, sendo o 40,5% da mesma de carácter involuntario.

A UXP DE UGT-GALICIA CELEBRA O SEU 6º CONGRESO E REELIXE A VALENTÍN TATO COMO SECRETARIO XERAL

Redacción.- A Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Galicia celebrou o pasado venres en Teo o seu 6º Congreso.

Congreso no que se deu un apoio unánime á necesidade de revalorizar as pensións, algo que está no aire tras o rexeitamento en sede parlamentaria por parte de Juntos, PP e Vox ao Decreto presentado polo Goberno no que se recollía esta medida.

Foi patente o malestar cunha decisión que frea a posibilidade de mellorar as condicións de vida dun dos sectores da poboación máis vulnerables deste país.

O Congreso manifestou que isto foi un ataque, non só á dignidade dos e das que traballaron toda a súa vida, senón que tamén revela unha axenda política que busca privatizar o sistema público de pensións, poñendo en risco a seguridade



económica de millóns de cidadáns.

O 6º Congreso da UXP, ademais de para o debate e análise da situación actual, tamén tivo un espazo para marcar as liñas de traballo de cara aos vindeiros catro anos, para o que elixiu a nova Comisión Executiva, cun repaldo do 98,46%

dos votos. Ao fronte da cal continuará como secretario xeral Valentín Tato; Xosé Álvarez será o secretario de Organización e Comunicación; a secretaria de Administración será María Jesús de Cabo; Roxelio Pérez estará ao fronte de Formación e Cultura; e Josefa Mariño asumirá Igualdade e Política Social.

O CENTRO SOCIOCULTURAL DO ENSANCHE DE SANTIAGO ACOLLE A EXPOSICIÓN DA TILVE “MOVEMENTO OBREIRO EN GALICIA. TRAZOS DA HISTORIA SOCIALISTA”

Redacción.- A Fundación Luís Tilve presentou este luns a exposición “Movemento obreiro en Galicia. Trazos da historia socialista”, que percorre a historia dunha nova clase social, o proletariado, xurdida da revolución industrial, e que ó longo do século XIX foi tomando conciencia da súa precaria situación e da necesidade de organizarse para defender e conquistar dereitos; e o fai a través da crónica dos principais feitos, biografías, xornais, organizacións, documentos, etc. da primeira corrente en constituírse oficialmente en España, a socialista.

Con esta exposición, que contou coa colaboración da Deputación de A Coruña, e que se poderá visitar ata o día 24 de febreiro no Centro Sociocultural do Ensanche (Frei Rosendo Salvado, 14/16. Santiago de Compostela), preténdese achegar ó público en xeral e ós mozos en particular a historia de como se desenvolveu este movemento obreiro en Galicia dende finais do século XIX ata que a Ditadura freou estes avances sociais e democráticos.

A mostra, que consta de 20 paneis, está comisariada pola doutora en historia, Rocío Botana Iglesias, e está dirixida principalmente ós docentes e estudantes da



ESO e de Bacharelato, que contarán ademais con 4 unidades didácticas, unha delas en inglés, e un vídeo ós que poderán acceder a través dun enlace QR dirixido á páxina web da exposición. Para a elaboración destes materiais, contouse cun equipo de colaboradores no que, ademais de Botana, participaron os historiadores Guillermo Pérez Agulla e Javier Quintas Ferreiro; a profesora e especialista en pedagogía Alba Botana Iglesias; a doutora e profesora de lingua e literatura galega, Natividad Paramá

Ferreiro; o doutor e profesor técnico de FP José Antonio Cascudo Rodríguez; e a profesora de lingua estranxeira Raquel Porto Vázquez.

Na presentación estiveron presentes a comisaria e membros do equipo creativo; a secretaria de Políticas Sociais de UGT-Galicia, Isabel González Jardón; e o presidente e secretario da Fundación, José Benito Núñez e Roxelio Pérez, respectivamente.

O CADRO DE PERSOAL DA CRTVG RETOMA AS MOBILIZACIÓNS

O día 28 protagonizaron unha xornada de folga e mobilizáronse fronte ao Parlamento galego coincidindo co debate da totalidade do texto da que será a nova Lei da CRTVG

Redacción.- O Comité Intercentros da CRTVG decidiu reactivar a folga contra a externalización dos servizos informativos este martes cunha xornada de 24 horas e cunha concentración fronte á sede do Parlamento galego coincidindo co debate da totalidade do texto da que será a nova Lei da CRTVG.

Un texto que sucederá, se nada o impide, á lei que regula na actualidade a CRTVG e que resultará altamente lesiva tanto para os dereitos dos traballadores como para a pervivencia do servizo público.

Primeiro, hai que sinalar o retroceso democrático que supón o abandono das maiorías reforzadas para o nomeamento da persoa que ocupe a dirección xeral e dos membros do consello de administración ou a aprobación do mandato estratéxico. Tamén resulta un lavado de cara



a creación do consello asesor de participación social e profesional, xa que se deixa en mans do consello de administración a elección das dúas persoas que conformarán ese órgano en representación dos traballadores.

Ademais, resulta moi grave a desaparición do Consello de información e

do Estatuto profesional que si prevé a lei vixente.

Tampouco se recollen porcentaxes mínimas de produción propia ou dunha mínima estrutura territorial e desaparece a prohibición expresa de ceder a terceiros os servizos informativos que si recolle a actual lei.

ESPAÑA DEBE PROFUNDAR NO CAMBIO DE MODELO ECONÓMICO PARA ALCANZAR UN FUTURO MÁIS XUSTO E PRÓSPERO

UGT destaca que, de confirmarse os datos, España sería a economía europea que máis creceu, superando as previsións iniciais, grazas ás reformas e acordos alcanzados no seo do diálogo social

Redacción.- Este mércores publicouse o avance da Contabilidade Nacional Trimestral correspondente ao cuarto trimestre de 2024, que rexistra un crecemento trimestral do PIB do 0,8%, mentres que en termos anuais é do 3,5%. De confirmarse estes datos, cando se publiquen, manteríase o ritmo de crecemento do PIB. Desta maneira, o conxunto de 2024 pecharíase cun crecemento medio da actividade do 3,3%.

Entre os datos máis destacables atópase o sucedido co consumo dos fogares, que crece un 3,7% anual, e co investimento, que o fai un 3,6%. Estes dous compoñentes son clave para avaliar o que sucede na economía do país. Neste sentido, tamén é moi relevante sinalar que o crecemento do PIB neste trimestre débese case integramente á demanda nacional. E, polo que respecta aos sectores económicos, todos eles crecen respecto ao mesmo trimestre de 2023 e fano de maneira bastante homoxénea, sendo o sector que máis o fai a agricultura (4,4%), seguido dos servizos (3,9%), despois da industria (2,9%) e, por último, a construción (2,3%).

O ano 2024 finalizou cuns bos datos económicos, que superaron as previsións iniciais, rexistrando un importante crecemento do PIB (3,5%) que xerou un notable aumento

do emprego (2,2% segundo a EPA). Esta situación favorable débese a moitos factores, entre os que se poden destacar a evolución do mercado laboral, a mellora na execución do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, o cambio de rumbo da política monetaria ou a substancial mellora na negociación colectiva que se produciu tras a firma do V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), entre outras.

No que se refire a este último punto, é importante sinalar que o consumo privado estíver crecendo a ritmos moderados ante a perda de poder de compra que se rexistrou en 2021 e, especialmente, en 2022. Este feito lastraba as posibilidades de crecemento do PIB e, tras a posterior moderación dos prezos e subida dos salarios, en 2023 e 2024 conseguíuse que aumenten as retribucións reais e, con elas, o consumo dos fogares. Gran parte deste logro provén da firma do mencionado AENC, que propiciou as condicións necesarias para poder pechar negociacións salariais máis favorables, o que apunta á importancia de fortalecer o diálogo social nos sectores e as empresas.

Doutra banda, a baixada dos tipos de interese ata o 3%, un punto e medio menos que o seu pico máis alto, está a comezar a favo-

recer o acceso ao crédito para as familias e as empresas, co consecuente aumento da actividade económica. Ademais, no caso español, a mellora na execución dos fondos europeos xera un caldo de cultivo propicio para solucionar un problema esencial da nosa economía como é a falta de investimento produtivo, de tal forma que mellore a produtividade do capital e favoreza unha reindustrialización á altura das necesidades da nosa autonomía estratéxica.

En definitiva, de confirmarse estes datos, España foi a economía europea que máis creceu entre as grandes, logrando ademais avances importantes en materias clave para o futuro, como o investimento en sectores estratéxicos que está a desenvolver o PRTR.

Ademais, fíxoo repartindo mellor os froitos deste crecemento, ao xerar moito emprego, especialmente indefinido, e lograr un incremento dos salarios reais para as persoas traballadoras. Con todo, o ano 2025 ten que servir para mellorar naquelas debilidades das que aínda adoeece a economía española, continuando coa expansión do investimento produtivo e desenvolvendo o cambio de modelo económico no que estamos inmersos, para que o futuro sexa máis próspero e xusto.

OS AXENTES SOCIAIS E O GOBERNO ACADAN UN PREACORDO PARA SUBIR O SMI EN 2025

O Salario Mínimo Interprofesional incrementarase un 4,41% e situarase en 1.184 euros mensuais en 14 pagas. Son 16.576 euros ao ano

Redacción.- O Goberno e os axentes sociais selaron este mércores un preacordo no que se estableceu cal será o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para o ano 2025. A cifra sitúase, para o recentemente estreado ano e con carácter retroactivo, en 1.184 euros ao mes por 14 pagas. Trátase dunha subida de 50 euros ao mes en comparación co SMI de 2024.

O preacordo, subscrito por UGT, CCOO e o Goberno, non contou co apoio das organizacións empresariais. O vicesecretario xeral de Política Sindical da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, Fernando Luján, agradeceu, en declaracións aos medios de comunicación, as propostas da patronal durante esta negociación.

Fernando Luján subliñou que subir o SMI non é unicamente unha cuestión económica: “é unha cuestión de dignidade, de suficiencia e de dereitos humanos”, sinalou. “Os datos lévannos á conclusión de que subir o SMI e dignificar os salarios é bo para

a economía e para o emprego”, engadiu Luján.

Neste preacordo, ademais, o Goberno comprometeuse cos axentes sociais a abrir unha nova mesa de diálogo social, que deberá convocarse no prazo máximo de dous meses.

Os temas para tratar nesta negociación específica terán que ver co Salario Mínimo Interprofesional e, entre eles, inclúense cuestións como a adaptación completa da Directiva Europea sobre Salarios Mínimos; o lanzamento de campañas específicas da Inspección de Traballo para garantir o cumprimento do SMI e a mellora da súa implantación.

Do mesmo xeito, na devandita mesa abordarase a imposibilidade de que as subidas do SMI sexan absorbidas e compensadas por medio de complementos; o



axuste das táboas salariais dos convenios colectivos que se vexan afectados polo SMI de maneira automática e a actualización das contías diarias e por hora do SMI se se produce a redución da xornada laboral ata as 37,5 horas.

Outra das cuestións que reivindicará UGT nesta negociación será que a lexislación sobre o SMI recolla que este debe alcanzar o 60% do salario medio, tal e como reclama a Carta Social Europea.

O BCE SEGUE BAIXANDO OS TIPOS E SITÚA A TAXA DE REFERENCIA NO 2,75%

A baixada da inflación está permitindo unha relaxación na política monetaria beneficiosa para a economía

Redacción.- O Banco Central Europeo (BCE) segue coa senda de descenso dos tipos de interese ata baixar da barreira do 3%. O tipo de interese de referencia, o da facilidade de depósito, baixa 0,25 puntos e sitúase no 2,75%. Pola súa banda, o tipo de interese das principais operacións de financiamento establécese no 2,90%. Esta decisión atende a uns datos de inflación máis controlados, que en decembro se chegaron a situar no 2,4% para a zona euro se se compara co mesmo mes do ano anterior, un dato bastante próximo ao obxectivo do 2% establecido polo propio BCE.

O escaso crecemento que presentaron as economías europeas no último ano (0,7% para a eurozona) parece estar detrás desta decisión do organismo que preside Lagarde, e que a fai diferenciarse da estratexia da Reserva Federal estadounidense de mantemento de tipos, cunhas cifras de crecemento do PIB mellor consolidadas.

Ademais, o impacto negativo de manter tipos de interese elevados (a propia Lagarde sitúa o limiar óptimo entre o 1,75 e o 2,5%) foi demostrado por diversos estudos científicos, tanto para a economía no seu conxunto como para as familias máis vul-

nerables. En particular, na etapa máis recente, a subida de tipos foi ineficaz para moderar a inflación, debido a que non atallou unha das causas principais do aumento da mesma, que foi o incremento das marxes empresariais. As empresas trasladaron o aumento dos custos de produción (os cales proviñan principalmente dos produtos enerxéticos) aos prezos de venda, elevando así a espiral inflacionista. Mentres, as familias que teñen préstamos a tipo variable vían como os seus custos hipotecarios seguían crescendo e os seus ingresos dispoñibles diminuíndo.

Por tanto, a continuación na desescalada de tipos do BCE é positiva e responde ás necesidades das economías europeas, as cales necesitan dun impulso investidor para non quedar atrasadas en termos de crecemento en comparación coas principais potencias mundiais. Ademais, isto co-



bra máis sentido aínda nun contexto no que as transicións verde e dixital gañan protagonismo e necesitan ser abordadas de maneira urxente. No caso do noso país, aínda que a súa situación económica é moito mellor que a da maioría dos seus socios da eurozona e sitúase á cabeza en crecemento, a medida é tamén positiva, debido a que favorecerá os mencionados investimentos estratéxicos e aliviará a carga de intereses (sobre todo hipotecarios) que soportan os fogares españois, moi castigados nos últimos anos.